

## **Texto 1**

Foto : A vendimia

### A VENDIMA

Escoller o día, reunir xente, limpar as cubas,  
podar as viñas, apañar as vides, pisar as uvas.

Dálle que dálle, pisa que pisa, que traballiño!

Mais todas as penas, males e dores curan co viño!

POMBA DOURADA

## **Texto 2**

### **Foto: 24**

Non entendo por que induce ao odio  
a como somos, a irta sociedade.

E aínda me chama tolo se non obvio  
este soterro da diversidade.

Un rexeitamento propio serodio  
que aposta contra a común bondade  
polo delito de terse amor.

Chamarei á nosa seguridade  
en prol de eliminar a inútil dor  
de non gustar da nosa realidade.

ARROAZ

## **Texto 3**

### **Foto: 2**

A ela entregueille a súa vida

a ela quero darlle liberdade  
e a ela apóioa na peor lida,  
todo pola miña paternidade  
todo porque se sinta unida  
a min, quen só lle quere calidade,  
procurando que se cae, levante;  
inculcando valores coma lealdade,  
respecto e tolerancia por diante  
para que ame con sinceridade.

ARROAZ

#### **Texto 4**

##### **Foto: 4**

Recordos, momentos gardados para sempre.  
O recordo dun bo día, o recordo dun mal momento.  
O recordo de persoas que te chean por dentro.

ADRII

#### **Texto 5**

##### **Foto: 3**

#### **EU SON COMO UN GATO**

Eu, antes sentíame como un gato, estaba encerrado na casa, sen poder saír e sen facer nada. Non me queixaba porque era o que quería. Pero agora xa son maior, e o que

quero é saír cos meus amigos.

Meus pais sempre me dicían que non podía andar por aí, que me podía pasar algo,

pero eu non o entendía e sempre me enfadaba con eles.

Un día, explicáronme o motivo. A razón era que tiñan medo de perderme, de que non

soubera volver. Tranquileime e díxenlles “non teñades medo, eu sempre vou estar

ao voso carón”.

Entón empecei a pasar máis tempo na casa cos meus pais e eles deixáronme saír cos

meus amigos.

XOÁN DE CACHEIRAS

## **Texto 6**

### **Foto: 6**

#### **A miña clase**

As clases de segundo C

son moi divertidas

aínda que haxa piques,

somos unha gran familia.

Unha familia de trinta

que somos coma unha piña

nos bos e malos momentos

todos nos axudamos.

IGLESIAS

## **Texto 7**

## **Foto: 1**

### **SOLPOR**

Amo toda a natureza que rodea ao noso planeta , pero o que máis me chama ,  
o que máis me gusta

fotografar , ver , asombrar... son os preciosos e coloridos solpores que nas  
noites de verán cando, estás na

praia , o sol vai baixando e vas vendo a transformación, ata que o sol  
abrasador coma o lume chega á beira

do mar e prodúcese esa máxica estampa. Amo velos e gozalos ata que o sol  
vai esmorecendo pouco a

pouco e faise a noite, a noite escura como o acibeche. Eses solpores  
transmiten paz e tranquilidade.

Cantos artistas quixeron atrapar esa maxia nos seus lenzos!!!

- Eu confórmome con vivila!

RAÍÑA LUPA

## **Texto 8**

### **Foto: 15**

#### **Amor á música**

Eu, dende que teño memoria e teño gusto persoal, encántame a música, dende  
Ariana

Grande ata Aitana, amo o ritmo, a letra e o bailábel que son... pero a miña  
cousa favorita, e

pola que máis amo a música, é, escoitala e bailala coa miña nai, coa miña  
avoa, gústame moito

ver os seus sorrisos na súa faciana,as cousas que me feliz. Non sabedes o  
contento que me

pon iso.

RAIO VERDE

## **Texto 9**

### **Foto: 11**

#### **Sentido de nai**

Pedinche quedar cos meus amigos, e dixechesme que non. Enfadeime e berreiche.

Arrepentinme pero non che pedín perdón.

Ó día seguinte encendín a televisión. Falaban da traxedia da noite anterior, no noticiario, a

mesma noite que non me deixaches saír ; na rúa San Pedro, o sitio o que quería ir.

Ese pálpito teu non se equivocaba, coma sempre.

Ainda que levabas a razón, o meu orguxo non me deixou admitilo, entón calei.

Nese intre non souben darche as grazas, por iso quero darchas agora: grazas mamá, por

estar, por ser e por facerme sentir segura ó teu lado. Eres a miña superheroína!

HEROÍNA

## **Texto 10**

### **Foto: 19**

Dúas raiolas

Aloumíñanme todos

Os meus soños.

LOUREIRO

## **Texto 11**

### **Foto: 1**

Gozar da vida

vivindo o momento

lembrar sentindo

-ADRII

## **Texto 12**

### **Foto: 1**

Aquel solpor  
cheo de amizade  
é a liberdade.

MAGTAN

## **Texto 13**

### **Foto: \_\_\_\_**

Símbolo de sacrificio,  
Símbolo de honor,  
Así é como recordo o noso amor.

WALDORF FANG

## **Texto 14**

### **Foto: 14**

Temos tradicións, como a nosa lingua, a lingua galega, a que pasou  
por tanto e valoran  
tan pouco. Querémola para eles, os nosos fillos, netos... o futuro.

INVI

## **Texto 15**

### **Foto: 15**

Temos tradicións,  
queremos conservalas,  
manifestámonos!

INVI

## **Texto 16**

### **Foto: 13**

#### **Á tardiña...**

Un atardecer. Ese momento favorito do día.  
Despois de clase, de facer os deberes, ordenar  
o cuarto... Por fin un momento de paz, ir ao  
monte soa, sentarme na herba, escoitar os  
paxaros, pechar os ollos e sentir o vento na  
cara.

Facer de algo cotiá o momento máis especial e  
tranquilo do día.

POMBA DOURADA\*

## **Texto 17**

### **Foto: 6**

Intenso tempo  
Cumprindo soños

Sobresaínte.

PATACA123

### **Texto 18**

#### **Foto 1**

Pés cheos de area  
so as nubes alaranxadas  
e ti, nas rochas.

AURQUIMAR

### **Texto 19**

#### **Foto:12**

#### **Atardecer en Amio**

Cando “Lúa” toma o seu momento de esplendor, “Sol” abandona o seu posto dunha maneira perfecta. En Amio, o ceo convértese nun arco da vella, co morado e o rosa sendo as protagonistas da tardiña. Cada ocasión é única e singular, adaptándose ás circunstancias da túa vida, e furando o teu peito ata chegar ao interior do labirinto. É unha sensación indescribible. Iso si, dáme pena que “Sol” constrúa esta fermosura e non a visualice. Eu, persoalmente, quero e adoro eses singulares xestos do día a



día.

---

## **Texto 20**

### **Foto:20**

Adoraba aqueles días  
onde nos xuntabamos os tres.  
Lembro aquela sensación  
de tranquilidade, paz  
e unión. Disfrutabamos  
segundo por segundo,  
parecíamos os tres  
mosqueteiros,  
un para todos e  
todos para un.

BALA PERDIDA

## **Texto 21**

### **Foto:4**

Aos nosos pés  
a inmensa galiza  
en liberdade,

ELMAÑANA

## **Texto 22**

## **Foto:4**

A paisaxe viaxeira,  
a paisaxe montaña-mar  
unha vista fermosa  
ao carón do teu camiñar.

ELMAÑANA

,

## **Texto 23**

### **Foto:2**

#### **O amor diverso**

O amor diverso é aquel amor que podes sentir por calquera,  
pola túa mascosta, pola túa nai, polo teu pai ou os teus amigos.

Podes sentir amor (cariño), pola túa mascota, podes sentir amor porque ás veces é ela quen

está alí sempre que necesites, pero ti non podes sentir amor sen que teñas amor propio.

Un exemplo, o día de San Valentín, ese día é o día do amor, pero non só amor das parellas, é

un amor diverso, amor que podes darlle a túa amiga, nai, irmá ou a calquera que lle teñas

cariño.

GOLFIÑO

## **Texto 24**

### **Foto: 13**

Na natureza,  
a cor da alegría  
sen ocaso.

GATO

**Texto 25**

**Foto: 2**

O aniversario  
un sopro, un desexo,  
un futuro incerto...

SIRENA DE MAKO

**Texto 26**

**Foto: 6**

Daquela etapa  
queda a aprendizaxe  
dun sorriso compartido

ROSAS AZUIS

**Texto 27**

**Foto: 13**

Tranquilidade,  
o mergullo de amor  
no mar azul.

ANTRA

## **Texto 28**

### **Foto: 1**

Tranquilidade,  
agarimo e vida,  
o inmenso mar azul.

BOLBORETA VERMELLA

## **Texto 29**

### **Foto: 22**

Abrigo branco  
propiedade do pobo  
de azul tinguido

JAN

## **Texto 30**

### **Foto: 20**

A infancia  
a mellor etapa  
da miña vida,

PEPA

## **Texto 31**

**Foto: 20**

Tardes coa avoa

Nós máis a natureza

Momentos máxicos.

ZITA

**Texto 32****Foto: 1**

Aquela era a verdadeira paz e tranquilidade, a que sentía ao sentarme ao caro do mar e respirar aquel humor a húmido que tan ben lle facía aos meus pulmóns. Aqueles momentos recordábanme a eles, aos que máis quería, aos meus país. Aqueles que me iluminaban como estrelas dende o ceo.

BUBALOO

**Texto 33****Foto: 21**

Catro persoas

agromando amizade.

É primavera.

JUAN LUIS MIGEL DE LOS CARMENES

### **Texto 34**

#### **Foto: 12**

O hámster fráxil  
de milagre resiste  
na miña nai.

WEMBY

### **Texto 35**

#### **Foto: \_\_\_\_\_**

Meu pai, man tenra  
que me aloumiña  
eternamente.

CARLIÑOS VAQUIÑA

ENRIPICHU

### **Texto 36**

#### **Foto: 1**

Nun pestanexar  
a familia nese atardecer,  
destrúese.

HIPATIA DESCARTES

**Texto 37****Foto: 8**

No piano danzan

Os seus dedos trazan sons

Unha alma elévase.

LUCOFUSCO

**Texto 38****Foto: \_\_\_\_\_**

Solpor dourado

O mar canta silencio

Tempo detido

\_ LUCOFUSCO

**Texto 39****Foto: 10**

Amor polo teu

Platónico Nin Romántico

Non son só cartos

FOCA GORDA

**Texto 40****Foto: 3**

Riba dos pés  
profundamente soña  
a liberdade.

PEDRO PÉREZ CARRO